



ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR , APACAF

Lugar Pereiro, 18
36688 Berres
PONTEVEDRA

Nº EXPEDIENTE: BS505A 2019/32-5

REGISTRO DE ACCIÓN VOLUNTARIA	BS505A	RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E NOTIFICACIÓN
--------------------------------------	---------------	--

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR , APACAF		NIF: G36792463	
Nº DE INSCRICIÓN: O-904	ENDEREZO: RUA PLACER, 5, 3ºB		
LOCALIDADE: VIGO	PROVINCIA: PONTEVEDRA	CP: 36202	
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE: Antonia María Josefa Ferradáns Villar		NIF: 35985182A	

Vista a solicitude de inscrición no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia da entidade **ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR , APACAF**, ao abeiro do establecido na Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e de conformidade cos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Con data 12/11/2019, tivo entrada no rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo a solicitude de inscrición no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR , APACAF.

Segundo.- Con data 02/12/2019 tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela o expediente remitido polo Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial desta Consellería en Vigo para proceder á súa resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, corresponde á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a competencia en materia de voluntariado, de conformidade coa Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.





Segundo.- O artigo 32 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, crea o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que se estrutura en dúas seccións: Sección de entidades de acción voluntaria e Sección de experiencias das persoas voluntarias.

Este rexistro está adscrito actualmente á Consellería de Política Social.

Terceiro.- A documentación e os datos que constan no expediente axústanse ao establecido no artigo 9 da Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

En virtude do exposto,

RESOLVO

Acordar a inscrición no Rexistro de Entidades Voluntaria de Galicia, da Entidade **ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR , APACAF**, asignándolle o número **O-904**.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Política Social, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, consonte co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

